

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE XULLO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, celebrada o 19 de xullo de 2023, esta reitoría RESOLVE:

A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor  
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)  
Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade  
(asinada dixitalmente)  
Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
BIP (Programa Mixto Intensivo) en Competencias Transversais	AC2300043	Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacóns	Cuiñas Gómez Iñigo	Do 22/05/2023 ao 26/05/2023	19/07/2023	75	2,5
Educación Viaria para Educadores e Docentes	AC2300044	Centro Asociado UNED - Ourense	García Díaz Jesús Manuel	Do 26/10/2023 ao 27/10/2023	19/07/2023	10	0,4
Avaliación neuropsicolóxica en persoas maiores e implicacións xurídicas da deterioración cognitiva asociado á idade	AC2300046			Do 02/11/2023 ao 03/11/2023	19/07/2023	10	0,4
Deseño, Programación e Administración de Bases de Datos	AC2200028	Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática	Rodríguez Dieguez Amador	Do 20/10/2023 ao 15/12/2023	19/07/2023	100	3,3
Seminario conxunto Universidade de Saarlandes Universidade de Vigo Xestión cultural e turismo: O poder dos produtos rexionales	AC2300047	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade	González Sánchez María Beatriz	Do 25/09/2023 ao 29/09/2023	19/07/2023	30	1
Introdución á Bolsa de Valores	AC2300045	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade	Sáez Ocejo José Luis	Do 25/10/2023 ao 02/11/2023	19/07/2023	38	1,3

